


# Carta de Tbilisi

## Unha cidade medieval

XAVIER QUEIPO



Saíndo de Istanbul, atravesado o Helesponto pola costa norte de Turquía (ou polo sur do Mar Negro, se fose de gusto expresalo dese xeito), pasado o porto natural de Trabzon (aínda en Turquía), o avión muda de ruta cara ao porto de Bitumi e xaora comeza a baixar nas lindes da cidade de Gori (onde por certo naceu Stalin<sup>1</sup>), para chegar ao aeroporto de Tbilisi, cidade na que nunca soñara arribar.

### Un paseo entre dúas épocas

Vai frío. Sen exceso, pois estamos xa a mediados de marzo e as neves deron paso a unha primavera de xestas amarelas e xacintos violetas (sí, aquí tamén hai xestas e xacintos). As árbores aínda non acordaron e seguen sen follas, coa codia de-negrída pola polución e as pólas torturadas pola friaxe dun inverno ríxido.

Oculta baixo unhas montañas, a cidade de Tbilisi (tamén chamada Tiflis) conserva aínda dalgún xeito unha estrutura medieval, envolta nunha brétema de intemporalidade e misterio. O río Mteka-

vari separa a cidade vella, onde se sitúan os obradoiros profesionais, as boticas, os pequenos cafés e os edificios señoriais da avenida Rustavelli<sup>2</sup>, do impresionante pazo presidencial, auténtica fortaleza erguida enriba dun outeiro, que olla dende a distancia os outros tres símbolos da cidade: a estatua de san Xurxo, o vencedor do dragón, presidindo dende unha columna a praza da Liberdade (símbolo da independencia acadada nos anos 90, logo da desestruturación da Unión Soviética); a catedral de Sioni (un dos símbolos do poder da Igrexa); e a escultura inmensa da chamada Nai de Xeorxia<sup>3</sup>, que leva na man esquerda unha cunca de viño para recibir os amigos e na dereita unha espada para enfrontarse aos inimigos (símbolo da tradición e a continuidade mítica da patria xeorxiana). Medieval tamén pola distribución sinusoidal das ruelas ascendentes, pola estrutura en patios interiores, tan semellantes aos “cortiles” das rúas italianas ou ás “corralas” de Andalucía. Medieval aínda, pois pasei dúas horas na procura dunha farmacia (usan alternativamente o nome grego *Apothek*), até que, de súpeto, corrída xa a rúa Gorgasali, na dirección da

zona administrativa, vin dar con oito farmacias, unha a carón da outra, o que me levou á miña infancia en Compostela e ao abraio dos nomes de rúas como a Acibechería, Caldeirería ou a rúa Fornos, tres exemplos que facían referencia aos obradoiros artesanais que outrora se instalaban nos sotos dos predios. Se algún trazo hei de destacar na arquitectura desta vila, sen ser eu especialista na materia, son as galerías abertas, que a xeito de balconada cuberta, con arcos de medio punto e balaustrada, adornan, ben en madeira, ben en cachotaría recuberta de cemento e logo pintada de cores pastel, as fachadas da meirande parte dos edificios de dous ou tres pisos do Tbilisi antigo.

Existe tamén unha cidade que eu non chamaría moderna, senón clónica, onde as tendas de roupa e complementos, os chamados restaurantes de comida rápida e os establecementos de telefonía móbil son iguais en Roma ou en Lisboa, en Barcelona ou aquí, en Tbilisi. Unha cidade de transición, pois conserva edificios da época soviética abeirados por ruínas de pazos con baixorrelevos relixiosos, vestixios de xeiras pasadas de comercio e bonanza económica da ruta que levaba até Bakú e o mar Caspio.

Esas dúas cidades están imbricadas de tal xeito que son só unha e teñen continuidade na xudaría das rúas de Bethelem e de Jerusalem, e mais na beira esquerda do río Mtekavari, onde se sitúa a outra catedral, a de Sameba (Trindade).

Leo nun semanario local en inglés (*Georgian Financial*, ou algo así, non gardei copia) que, segundo una recente clasificación da calidade de vida nas duascenas cincuenta cidades máis grandes do mundo, realizada por unha consultora de seguros, e onde se avaliaban varios indicadores de calidade de vida (seguindo criterios eurocéntricos, sospeito), Tbilisi ocupa o lugar 194, entre A Habana e Phnom-Penh, para que se dean de conta de que lugar estou falando: un arrabalde do mundo, un lugar para perder a vida ou perderse para sempre.

Xavier Queipo é biólogo molecular, médico e escritor.

Fotografías do autor



Monumento aos mártires da patria

1. Iossif Djougachvilli. Todos os apelidos xeorxianos rematados en "villi" indican procedencia, ou sexa que a súa familia procedía de Djouga.
2. Shota Rustavelli, príncipe e poeta fundacional da literatura xeorxiana no século XII, dá nome a esta avenida, a varias institucións culturais e ao premio literario máis importante de Xeorxia.
3. A nai de Xeorxia (*Kartlis Deda*) é unha estatua en aluminio de vinte metros de alto situada no cotarelo Sololaki, que foi erixida en 1958 para celebrar os 1.500 anos da fundación da cidade. É obra do escultor Elguja Amashukeli.



Vista panorámica de Tbilisi

## Librarías ateigadas e mortas

Irina, a funcionaria que me acompaña a xantar, quería que eu lle recomendase libros e escritores actuais, en inglés e mais en castelán, linguas nas que era quen de ler sen dificultade. En Xeorxia hai tempo que a industria editorial esmoreceu e pouco ou nada se publica de literatura estranxeira de interese. Iso non é opinión propia, senón de Irina, que nunha paréntese confesa con desgusto que hai un par de anos soubo que partillaba un seu terceiro apelido con Stalin, e maldiciu mil veces ser da mesma estirpe ca o ditador (xa saben, o que asinou un pacto con Hitler para repartir Europa, o que deportou todos os tártaros de Crimea para as repúblicas asiáticas, o que dalgún xeito favoreceu o actual “retorno” de Crimea á esfera de poder rusa, o que abriu os gulags a todo canto disidente aparece á súa política de socialismo nun só país; xa non sigo, xa saben o conto).

Cando paseo pola rúas de Tbilisi, case sempre anunciadas no interior dos patios que se abren ás avenidas, van aparecendo como cogomelos librarías de vello rexentadas por anciáns milenarios, envoltos en mil abrigos e saias, instalados diante dun aparello de televisión seguindo unha novela ou lendo un xornal á luz difusa dun *flexo*, sentados a carón dun inferniño que fai as veces de calefacción. Con mitóns nas

mans lucidas que proen polas frieiras, follean un catálogo ou remoen nun pastel de carne requetido, pensan en tempos mellores ou en futuros incertos.

En todas as librarías visitadas pensan que son turco (será por este mostacho que gasto ou pola face de gálata antigo, será porque son visitantes habituais, instaurados agora para facer negocios no ermo que deixaran tras de si os rusos?) e dinme “salam alaikum”, cando está claro que eles son católicos (polas iconas ben visíbeis e as cruces no peito) ou xudeus (pola kipa chantada enriba do occipital e o pelo crecho). Cando ven que non reacciono, intentan un achegamento en ruso, co ar calmo e a paciencia dos comerciantes de tempo, mais cando tampouco dou sinal de comprender o seu discurso, desenténdense de min e regresan aos seus labores, sexan estes verdadeiros ou ficticios. Mágoa, pois eu procuraba unha versión en xeorxiano de *Vinte mil leguas baixo dos mares*, ou de *Moby Dick*, que seguro que eles teñen, pois son novelas clásicas e que non causarían ningún problema coa censura soviética. A próxima vez terei que vir pasear con alguén que sexa do país, para procurar o que quero e facer que me entendan.

As librarías están ateigadas de libros en andeis estomballados e mesas onde o po de varias lúas semella ter deitado o seu manto sobre ma-





A ponte da Paz sobre o río Mtekavari

nuais e dicionarios en todas as linguas presentes e pretéritas. A meirande parte dos libros foron publicados, polas contracapas que consulto, entre os anos cincuenta e oitenta do século pasado, e poucos deles, se algún, semellan ter menos dunha xeración de lectores. O máis probable é que Irina teña razón e agora xa non se publiquen libros, pois as novas xeracións xa non encontran lecer na lectura, desprazada xa non tanto pola imaxe (falsa percepción) senón pola vacuidade do teléfono móbil, os vídeos de curiosidades chistosas e os xogos en rede. O máis probable é que esta sexa a derradeira xeración de lectores, ou que a actividade fiquese reducida a unha minoría, como a alquimia ou a procura da pedra filosofal.

### Os tanques rusos

Temos os tanques rusos a sesenta quilómetros de distancia, que vén ser como estar en Compostela e ter os tanques apuntando cara a nós dende Pontevedra. Poida que non cheguen a baixar nunca dos outeiros de Osetia onde agora amosan o seu poder mortífero, mais están aí, ameazantes, dende hai case unha década. As guerras-lóstrego adoitan deixar este tipo de ameazas larvárias. Lembren a Guerra dos Seis Días en Israel e o regueiro de miseria crónica que produciu en Pales-



A conciencia de “estado de sitio” está por todas partes, tanto na cantidade de xente uniformada nas rúas (policías, vixilantes, militares), como polas queixas continuas da poboación e dos funcionarios cos que tiven oportunidade de falar verbo do embargo que Rusia —mercado natural dos seus produtos— estableceu sobre as mercadorías xeorxianas

tina, convertida agora, por mor da diplomacia das Nacións Unidas, nun territorio sen nome nin estado de seu, acumado nos documentos oficiais “West Bank and Gaza strip” (para entendérmolos: A banda do poñente do río Xordán e a franxa de Gaza).

No caso de Xeorxia, temos que regresar até 2008, cando os tanques rusos “liberaron” en poucas semanas Abhazia no noroeste e Osetia do Sur no norte (en total un 20 por cento do territorio de Xeorxia), para reintegrar os territorios conquistados pola forza na sacrosanta Federación Rusa. Unha primeira manifestación belicista do goberno de Putin antes destoutra da “liberación de Crimea” das poutas de Ucraína, que comezou, se aínda non perderon a memoria dos días, hai pouco máis dun ano. Seino ben, pois nesa época estaba eu nunha xuntanza internacional en Trabzon (no leste de Turquía) e Vaclav, o colega ucraíno, tiña dificultades para regresar á vila de Simferopol, por ter o aeroporto pechado. Deu chegado á casa, pois era de etnia rusa e, daquela, todo resultou doado.

A conciencia de “estado de sitio” está por todas partes, tanto na cantidade de xente uniformada nas rúas (policías, vixilantes, militares), como polas queixas continuas da poboación e dos funcionarios cos que tiven oportunidade de falar verbo do embargo que Rusia —mercado natural dos seus produtos— estableceu sobre as mercadorías xeorxianas. Mais onde a sensación é máis forte non é na fala (que eu non entendo), senón nas olladas esquivas, nas vestimentas escuras, na tensión en cada recuncho, en cada reviravolta dunha calella, nos poucos nenos nas rúas, na poboación avellentada e triste, o que non precisa de entender a lingua para ser percibido.

Todo isto que lles conto, de xeito apresurado e reactivo, aconteceu nuns poucos anos, logo da fin da guerra fría e do esfarelamento parcial da Unión Soviética. Digo parcial, pois o achegamento a Bielorrusia, a presión sobre os estados que rodean o mar Caspio, as anexións xa comentadas de Abhazia, Osetia do Sur e agora Crimea, están na lóxica de reconstruír un poder estratéxico perdido.

Contar tamén que vivimos nun mundo conculso, terríbel nas súas perspectivas, abraiante nas súas posibilidades, diverso nos vectores que moven as pancas do seu destino, complexo, fantástico nas potencialidades e ao tempo audestrutivo. Todo o anterior para pór os pés na terra e pensar a sorte (relativa, mais sorte) que temos de vivir onde vivimos, coas nosas contradicións e as nosas crises económicas, cos nosos dereitos en retroceso e os vaivéns da democracia representativa, cun futuro incerto, mais esperanzador e, sobre todo, sen a artillaría dos tanques a sesenta quilómetros da casa.

### A hospitalidade do Cáucaso

Puiden constatar que, malia a sonda de xente ruda e violenta (que por sorte non tiven ocasión de experimentar), a xente aquí semella amábel, dende o taxista que me recolle no aeroporto e que por 50 laris me deixa no hotel (eu sei que o prezo son 40, mais non teño a ferramenta lingüística que me axude a releer o prezo), até a recepcionista que se ofrece a enviar as postais (si, eu aínda envío postais cando estou de viaxe), os funcionarios do Ministerio de Medio Ambiente, os gardas de seguridade, a apotecaria, os camareiros e a rapaza que despacha os tickets do funicular que leva da praza de Europa até a estatua da Nai de Xeorxia. Intentan a comunicación, logo se esta non se produce, eles seguen co seu e sorrín con discreción.

Para ilustrar o carácter xeorxiano, contareilles que no primeiro día de visita fomos convidados a un restaurante de comida tradicional xeorxiana. Un dos pratos máis comúns é o *kibnkali*, unha especie de ravioli xigantes de carne que hai que comer coas dúas mans. Cando os primeiros de nós (eramos uns vinte na mesa) collemos o garfo e o coitelo, deseguida fomos instruídos na tradición do uso das mans. Pasaron unha serie de pratos de queixo e cogomelos picantes, bólas de carne e espinaca e peixe fritido con mollo de *migrá* (granada). Servíronnos un branco de pouco fundamento (o tinto que algúns probaron disque



Estatua da Nai Xeorxia (1958)



Pinturas policromadas na Escola de Estudos Ortodoxos

era mellor) e unha bebida de estragón (de cor verde translúcido) que tiven a ben probar e non repetir.

Cando chegou a hora das bebidas fortes, convidáronnos a *cha-cha*, que é unha augardente local, que en nada desmerece a *grappa* italiana, o *raki* turco ou a augardente de noso. Eu non son moito de café turco, mais houbo que o catar por mor de non desprezar os convites dos locais (algo que nunca se debe facer cando un visita un país estranxeiro, onde o protocolo esixe ser condescendente con agasallos e convites).

Falando de café turco, non podo resistir aquí a tentación de partillar a cita de Mark Twain, cando refire a súa opinión sobre os baños turcos e, na fin da pasaxe, expresa a súa opinión sobre esta beberaxe<sup>4</sup>: “Entón trouxéronme o mundialmente recoñecido café turco, que os poetas cantaran con entusiasmo por xeracións sen número, e collino coma se fose a última esperanza que me quedara dos meus soños dos praceres orientais. Foi outra fraude. De todas as beberaxes non cristiás que experimentei, o café turco é a peor delas. A cunca é pequena, está inzada de graos; o café é negro, espeso, sen aroma e de gusto abominábel. No fondo ten un sedimento lamacento de media polgada. Este baixa pola túa gorxa e algunhas porcións fíxanse ao paso, producindo gran desconforto e fan que esteas ladrando e tusindo por máis dunha hora”.

Pasada a experiencia do café, que non foi tan dramática no meu caso como a referida por Mark Twain, chegaron os brindes co *cha-cha*, unha tradición desta terra, onde cada membro da mesa ten que facer o seu discurso. Resultou algo pesado, pois xa dixeran que eramos uns vinte e, coma sempre, hai xente que, se lle dás a palabra ou lle pos un micrófono na man, perde o norte e fala polos cotobelos o que non falou nun día enteiro. Iso prolongou a cea case unha hora, mais pagou a pena escoitar en tantas e tan variadas linguas chamadas á solidariedade e á cooperación, á paz e ao futuro esperanzador.

Días despois, cando chegou a hora das despedidas, estas foron breves e sentidas. Quedoume mágoa de non mercar un par de botellas de viño xeorxiano, mais esta ridícula normativa do control dos líquidos na equipaxe de man, fixo que desistise —máis unha vez— de dar-me un agasallo ■

4. A cita está extraída de *Across the Hellespont: A Literary Guide to Turkey*, da autoría de Richard Stoneman, publicado en 2010, por Tauris Park Paperbacks, Nova York. O libro, compañeiro de expedición neste caso, ofrece moitas e variadas referencias literarias a cidades e lugares de Turquía ao longo dos últimos dous mil anos.